



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS



Estatutos
da
Sociedade Galega
de
Xerontoxía e Xeriatria
de
Presidencia
Administración Pública
Intervención
Xeral
Xunta de Galicia



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

[Handwritten signature]

D. Javier Pérez Martín, Secretario da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria da que é Presidente D. Miguel Angel Vázquez Vázquez

[Handwritten signature]

Certifica que:

Que celebrada en Vigo o día 24 de maio de 2004 ás 17,30 horas a Asemblea Xeral Extraordinaria presidida polo Presidente da Sociedade D. Miguel Angel Vázquez Vázquez e actuando como Secretario D. Javier Pérez Martín e tratando como único punto na Orde do Día a Aprobación da modificación dos Estatutos realizada na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o día 21 de abril de 1996 en Arnoia.

Lido polo Secretario/a dito contido e modificación así como os Estatutos no seu conxunto, a Asemblea Xeral Extraordinaria aprobou por unanimidade a modificación dos estatutos que foran establecidos na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2000 na cidade de A Coruña.

Para que conste, así se asinan en Vigo a 24 de maio de 2004

Vº Prace

O SECRETARIO

[Handwritten signature]

O PRESIDENTE

[Large handwritten signature]

[Handwritten signature]



Título I

I

Denominación, obxectivos e domicilio social

Artigo 1.º A Sociedade denominarase SOCIEDAD GALLEGAS DE GERONTOLOGIA Y GERIATRIA ou SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXIA E XERIATRIA, indistintamente.

Artigo 2.º A Sociedade defíñese como interdisciplinaria, co obxectivo de promove-los coñecementos xerontolóxicos tanto clínicos, como biolóxicos, psicolóxicos e sociais, orientados ó fomento da xerocultura, enfermería xeriátrica, xeriatría, educación en ou para o avellentamento e cuestións afins ó mesmo na Área xeográfica de Galicia.

En consecuencia tratará de:

- a Fomenta-lo estudio, investigación e atención do proceso nos coñecementos sobre o avellentamento humano e os problemas condicionados ó mesmo.
- b Coordinar e agrupar ós investigadores e profesionais clínicos, asistenciais nas súas diferentes modalidades, estudosos e prácticos das diversas ramas da Xerontología, Xeriatría e disciplinas afins a ambas que contribuian á rehabilitación, mellora-la calidade de vida dos anciáns segundo criterios das organizacións internacionais: Nacións Unidas, Organización Mundial da Saúde, Asociación Internacional de Xerontoxía e Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoxía, aplicables a Galicia.
- c Asesorar e apoiar ós organismos públicos e privados que se ocupen de problemas dos anciáns e dos coidadores dos mesmos.
- d Promover iniciativas que tendan a crear medidas de previsión e prevención dos factores de risco dos anciáns, percurando mellora-la súa calidade de vida.
- e Colaborar con institucións e asociacións que teñan como finalidade os obxectivos da Sociedade tanto en investigación, como en docencia ou asistencia, incluso creando fundacionis públicas cara a estos obxectivos.

Artigo 3.º O enderezo da Sociedade será a sede do Colexio Oficial de Médicos en Santiago de Compostela: rúa de San Pedro de Mezonzo, 39-41. D.P.15.701.



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Título II

Dos socios: deberes e dereitos

Artigo 4.º Os socios poden ser de número, corresponsais de fora de Galicia e de honra.

Artigo 5.º Para ser socio de número requírese:

- a. Demostrar que realiza algunha actividade profesional ou voluntaria en relación coa asistencia ó ancián, estudio ou educación xerontolóxica: licenciados en Medicina, Psicoloxía, Bioloxía, Farmacia, Dereito, Arquitectura, Filosofía, Diplomados en enfermería, Traballo Social, Educación Social Fisioterapia, Educación física, Terapia Ocupacional, titulados en Xerocultura, animación socio-cultural e actividades afins.
- b. Ser proposto por dous socios de número que leven mais de catro anos pertencendo á Sociedade, facendo a solicitude en impreso especial da mesma no que deberá expresa-lo seu currículum de estudos, dedicación profesional ou de voluntariado en actividades xeriátricas ou xerontolóxicas.
- c. Aceptación por mayoría en Asamblea Plenaria Anual

Artigo 6.º Son dereitos dos socios numerarios

- a. Tener voz e voto nas Asembleas, podendo intervir nos seus debates.
- b. Elixir ou ser elixido membro dos órganos de governo da Sociedade, según as normas que posteriormente se indican.
- c. Expoñer por escrito á Xunta de Gobierno cantas sugerencias ou queixas poidan servir para o bo desenvolvemento das actividades da Sociedade.
- d. Participar en cants actos organice e celebre a Sociedade.
- e. Recabar do Presidente/a e dos órganos directivos axuda en defensa dos seus derechos en canto a problemas xerontológicos.
- f. Recibir os boletins, follas informativas e cantas publicacións realice a sociedade, así como solicitar á misma reseñas ou informacions bibliográficas de temas xerontológicos ou xeriátricos.
- g. Poder utilizar nas súas tarxetas ou membrete a expresión: "Membro da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria".

en carmen B



(Handwritten signature)
Artigo 7.º Son deberes dos socios numerarios:

- a. Contribuir ó mantemento económico da Sociedade abonando as cuotas que se establezcan por acordo da súa Xunta Xeral.
- b. Colaborar no prestixio da Sociedade e o cumplimento dos seus fins.
- c. Somete-las súas actuacións ó regulamento que establecen estos Estatutos.
- d. Promover actividades científicas, sociais, culturais e asistenciais que interesen ás persoas de idade avanzada comunicándoo á Sociedade a traveso da súa Xunta Directiva, con antelación á celebración dos mesmos.
- e. Organizar cursos, conferencias e outras actividades similares (simposios, seminarios, etc.) a nivel local ou rexional en nome da Sociedade, en cuio caso deberán ser autorizados pola Xunta Directiva, cumplindo as normas que ésta teña establecidas ó respecto.

(Handwritten signature)
Artigo 8.º Dos membros de honra.

- a. A Sociedade poderá designar membros de honra a persoas ou entidades dignas de tal distinción polos seus traballos, axuda ou contribución destacada no campo dos obxectivos da Sociedade.
- b. Ditos nomeamentos serán efectuados pola Asemblea Plenaria Anual anual a proposta da Xunta Directiva ou dun número de socios numerarios non inferior ó 25% dos que integran a Sociedade.
- c. Poderán ser membros de honra aqueles que dúas veces sucesivas foran Presidente/as da Sociedade e no futuro non concurran a outros cargos directivos.
- d. Os membros de honra terán os mesmos dereitos que os numerarios, agás o voto.

(Handwritten signature)
Artigo 9.º Dos membros corresponsaís.

- a. Poderán ser designados membros corresponsais persoas españolas ou extranjeiras non domiciliadas en Galicia, con actividades iguais ou afins citadas nas condicións para o ingreso de membro de número, demostrando que no seu currículum comparten e realizan os obxectivos da Sociedade.
- b. Serán propostos por tres membros da Xunta Directiva e aceptados pola mayoría desta, debendo a súa designación ser ratificada pola Asemblea Plenaria anual.
- c. Os membros corresponsaís terán os mesmos dereitos que os socios numerarios agás ser electores ou elexibles nos órganos de organización e administración da Sociedade.



- d. Os deberes serán os mesmos que os de os socios numerarios, agas o pago das cuotas da Sociedade.

Artigo 10.º Sobre os motivos de Baixa e Sanción

- e. Todo socio que se retrase mais dun ano no pago da cuota anual será advertido da súa demora, dándoselle de baixa se non regulariza a súa situación económica dentro do ano seguinte ó da advertencia.
- f. A Xunta Directiva da Sociedade, a proposta razoada da Comisión Permanente, poderá sancionar ca baixa na Sociedade, de forma excepcional, a aquel socio que a xuízo da mesma se faga acreedor a esta medida.
O Presidente da Sociedade deberá notificar ó interesado por carta certificada a decisión adoptada e os motivos que a xustifiquen.
O interesado poderá interpoñer recurso contra dita decisión, no prazo de quince días hábiles dende que reciba notificación, ante Xunta Directiva. A Baixa definitiva deberá de ser ratificada na Asemblea Xeral correspondente.
A Persoa que sexa excluída da Sociedade por esta sanción non poderá volver a solicitar a súa alta como socio na Sociedade ata pasar dous anos da ratificación da sanción pola Asemblea Xeral.

Título III

Dos órganos de Goberno

Artigo 11º. A Xunta Directiva estará constituida por un Presidente/a. Un Vicepresidente/a/a 1º encargado das relacións externas, Boletín da Sociedade e publicacións, Un Vicepresidente/a/a 2º encargado de coordina-las actividades das vocalías, dos cursos de formación, elaboración de programas de estudios e promoción profesional. Un Secretario/a, un Tesoureiro/a e os seguintes vocais: un pola Sección Clínica, un Social, un por Psicoxerontoxía, un por Enfermería, un polos Centros, un por Xerocultura e un por Formación e Investigación. As funcións da Xunta Directiva serán as seguintes:

- a. Dirixi-la Sociedade e administra-los seus bens
- b. Executar tódolos acordos das Asambleas Xerais
- c. Elaborar un orzamento, contas e memoria anuais, vixila-lo estado de contas e leva-la xestión económica e administrativa
- d. Aplicación do réxime sancionador
- e. Calesquer outra que lle sexa encomendada pola Asamblea Xeral e se derive dos presentes Estatutos.



- f. Os acordos da Xunta Directiva adoptaranse por mayoría simple dos membros asistentes as reunións.
En caso de empate decide o voto de calidade do Presidente.
O número mínimo de membros preciso para a toma de decisións será de catro.

Artigo 12º. Comisión Permanente

Estará formada polos seguintes cargos da Xunta Directiva:

- Presidente/a
- Vicepresidentes/as 1º e 2º
- Secretario/a
- Tesoureiro/a

A Comisión Permanente terá, con carácter non limitativo, as seguintes funcións:

- a. Tramitar e ejecutar os acordos adoptados pola Xunta Directiva.
- b. Organizar, coordinar e desenvolve-lo funcionamento administrativo da Sociedade.
- c. Propoñer á Xunta Directiva a contratación de toda clase de bens e servicios, como adquirente ou enaxenante, necesarios para o funcionamento da Sociedade.

[Handwritten signatures and initials are present along the right margin]
Artigo 13º. Para optar ós cargos de Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a é preciso levar alomenos seis anos de membro da Sociedade. Para os demás cargos da Xunta Directiva levar alomenos tres anos, debendo demostrar unha actividade no área que representa.

Artigo 14.º De producirse unha baixa na Xunta Directiva por falecemento, renuncia, enfermidade ou outra causa xustificada, o cargo será renovado na primeira Asemblea Xeral.

Artigo 15.º As candidaturas serán colectivas, non admitíndose individuais para un determinado posto directivo.

Artigo 16.º As eleccións levaránse a efecto cada tres anos, durante o periodo dun Congreso, nunha convocatoria especial, logo da Anual preceptiva.

Artigo 17.º Para considerar válida a elección deberá ser necesario obter unha mayoría dos dous tercios dos socios numerarios presentes e dos votos dos ausentes emitidos por correo certificado. No caso de non haber dita mayoría, en segunda votación bastará la mayoría simple dos votos presentes.



(Handwritten signature)
Artigo 18.º Pode presentarse unha mesma candidatura a reelección, pero non mais de dúas veces consecutivas.

(Handwritten signature)
Artigo 19.º Os nomeamentos das persoas elixidas que vaian a ocupar os postos directivos faránse de acordo coa lexislación española vixente, que será válida para aplicación de estos estatutos.

(Handwritten signature)
Artigo 20.º Son funcións do Presidente/a:

- a. Ostentar a representación da Sociedade en tódolos actos oficiais de carácter local, autonómico, nacional ou internacional.
 - b. Convoca-las reunións ordinarias ou extraordinarias que acorde a Xunta Directiva ou a Xunta Xeral e presidir as mesmas.
 - c. Asinar cantos contratos ou convenios leve a cabo a Sociedade.
 - d. Representar á Sociedade ante os tribunais de Xustiza.
- (Handwritten signature)*

(Handwritten signature)
Artigo 21.º Son funcións dos Vicepresidente/a/as:

- a. Substituir ó Presidente/a cando por motivos especiais: ausencia, enfermidade, etc., non poida desempeña-lo seu cometido.
 - b. Exerce-las funcións que por delegación lle sexan encomendadas polo Presidente/a.
 - c. As encomendadas no artigo 11 específicas para o Vicepresidente/a/a 1.º e o Vicepresidente/a/a 2º.
- (Handwritten signature)*

(Handwritten signature)
Artigo 22.º Son funcións do Secretario/a:

- a. Mante-la correspondencia con cantas sociedades, organismos ou entidades se relacionen coa Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.
 - b. Levantar acta de cantas proposicións e resolucións se leven a cabo nas reunións ordinarias e extraordinarias, tanto na Xunta Directiva, Comisións, como en Xunta ou Asemblea Plenaria e certificalas co Visto e Prace do Presidente.
 - c. Contestar as peticións de información que lle formulen os membros da Sociedade en relación con actividades da mesma.
- (Handwritten signature)*



- d. Levar e arquiva-las actas e realizar unha memoria anual das actividades da Sociedade da que dará sucinta referencia á Asemblea Plenaria, na que estarán reflectidas altas e baixas de membros, nunha relación xeral que terá os seus enderezos e teléfonos,

Artigo 23.º Son funcións do Tesoureiro/a:

- a. Proceder ó cobro das cuotas anuais dos membros socios.
- b. Efectua-los pagos que sexan procedentes para a atención de mantemento da sociedade aprobados pola Xunta Directiva e acordados no orzamento anual que confeccionará cada ano e deberá ser aprobado por aquela.
- c. Aboar gastos de carácter extraordinarios que aceptados pola Xunta Directiva foran aprobados pola Asemblea ou Xunta Xeral.
- d. Manter ó día o estado de contas da Sociedade, comunicando o balance das mesmas nas reunións da Xunta de Goberno.

Artigo 24.º Son funcións dos vocais da Xunta Directiva:

- a. Promover actividades en relación co área profesional ou de coñecementos que representan.
- b. Asesorar ós demais membros da Xunta Directiva e da Sociedade nas materias propias da súa competencia, percurando dar un senso interdisciplinario ós plantexamentos asistenciais, de formación e investigación que se consideren.

Artigo 25.º A Xunta Directiva é a responsable da administración de bens da Sociedade, dando conta da súa xestión na Asemblea Anual de membros da mesma.

Título IV

Reunións da Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía

Artigo 26.º As Asembleas Xerais que llevará a efecto a Sociedade poderán ser de carácter ordinario ou extraordinarias.

Artigo 27.º As de carácter ordinario terán lugar unha vez ó ano, coincidindo cos congresos que se celebren cada ano, na sede dos mesmos.

A Orde do día das mesmas será o seguinte:

1. Lectura, aprobación ou modificación do Acta da Asemblea anterior.



2. Informe do Presidente/a.
3. Lectura e aprobación, se procede, do informe do/a Secretario/a.
4. Lectura e aprobación, se procede, do Informe do/a Tesoureiro/a, que incluirá conta de resultados do exercicio anterior e orzamento do seguinte.
5. Informe e aprobación se procede, da xestión e propostas de actuación da Xunta Directiva e ratificación, cando sexa preceptiva, de acordos adoptados pola Xunta Directiva que requirán a aprobación da Asamblea.
6. Establece-la cuota anual ou cuotas extraordinarias.
7. Proposta e admisión de novos socios e resolución dos recursos relativos ó réxime disciplinario.
8. Determina-la data, lugar e persoa responsable do Comité Organizador do próximo Congreso.
9. Informar e facer públicos os premios ou distincións outorgados pola Sociedade, así como os concedidos polos xurados das convocatorias habidas con ocasión do Congreso.
10. Constitución, integración ou separación da Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía de Sociedades ou Federacións de ámbito superior ou de organismos nacionais ou internacionais.

Artigo 28º. Tódolos Socios recibirán con quince días de antelación como mínimo a correspondente citación á Asamblea Xeral, expresando o lugar, data e hora da mesma, así como a Orde do Día. A Asamblea constituiráse en segunda convocatoria media hora despois do previsto para a primeira.

Os Socios con dereito a voto, deberán acredita-la súa condición.

Os acordos das Asembleas Xerais adoptaránse por maioría simple dos votos dos asistentes con dereito a voto, excepto cando se trata de disolución da Asociación, nos que será necesario o voto dos dous tercios dos membros con dereito a voto.

Os acordos poderánse adoptar mediante algunha das seguintes modalidades:

- a. Por aclamación: cando a proposta efectuada non suscite ningunha oposición.
- b. A man alzada para tódolos asuntos de trámite.
- c. Votación secreta mediante papeletas: para a elección dos cargos da Xunta Directiva, sempre que houbese mais dunha candidatura, cando sexa solicitado este procedemento pola Xunta Directiva ou por cincuenta asociados con dereito a voto presentes na Asamblea.



Tódolos acordos adoptaránse por sufraxio directo e persoal excepto na renovación da Xunta Directiva que se permite o voto por correo.

(Handwritten signature)

Artigo 29.º As Asembleas de carácter extraordinario serán convocadas pola Xunta Directiva en cantas ocasións o estime necesario indicando, lugar, data, hora e motivo. Poderán ser impostas cando exista unha solicitude por escrito dun 25 % dos socios. En todo caso, será necesaria a convocatoria de Asamblea Extraordinaria cando teñan que tratarse os seguintes asuntos:

- a. Disposición e enajenación de bens.
- b. Modificación de Estatutos.
- c. Disolución da Sociedade.
- d. Elección dos membros da Xunta Directiva que sexan flexibles.
- e. Calquer outro que non sexa da competencia da Asamblea Ordinaria.

(Handwritten signature)

Artigo 30.º Os Congresos celebraranse con carácter anual. Ademais a Xunta Directiva poderá convocar outras reunións científicas sobre cuestións monográficas ou en cooperación con outras sociedades e entidades. Os Congresos deberán estar aceptados un ano antes da súa realización, co visto e prace da Xunta Directiva e informe favorable da Comisión Técnica que esta designe se o estima oportuno, quen velará pola calidade das comunicacóns, póster ou vídeos que sexan aceptados.

(Handwritten signature)

Artigo 31.º Os Congresos terán un contenido interdisciplinario e unha duración máxima de tres días. Neles admitiranse comunicacóns libres, ademáis das relacionadas cas ponencias.

Título V

Comités Técnicos da Sociedade

(Handwritten signature)

Artigo 32.º A Xunta Directiva creará as Comisións Técnicas para certos asuntos científicos ou afins o considere necesario, entre outras cuestións para:

- a. A organización de reunións, congresos, simposios ou xornadas.
- b. Para elaborar informes que sexan requeridos ou que as circunstancias o demanden.
- c. Para dictaminar como xurados ou tribunais, premios, distincións ou nomeamentos especiais.



(Handwritten signature)

Y

MF

19/06/2011

Maria Josefa

Artigo 33.º A Xunta Directiva poderá crear Comités Técnicos, cando o crea convinte, para a mellor organización ou estudio de cuestións determinadas, problemas de interese ós afins da Sociedade, co obxectivo de mellora-la asistencia ós anciáns en Galicia. O Comité Técnico estará composto por tres membros, socios numerarios e será designado pola Xunta Directiva. A duración das súas funcións será de dous anos, debendo ser renovado ou confirmado coincidindo coa celebración do Congreso da Sociedade.

Artigo 34.º Os informes do Comité Técnico son preceptivos, pero non vinculantes para a Xunta Directiva.

Título VI

Do réxime económico da Sociedade

Artigo 35.º Os fondos da Sociedade, que non ten obxectivos de lucro procederán das seguintes aportacións:

- a. Cuotas anuais que abonen os socios.
- b. Subvencións ou doazóns de entidades oficiais ou privadas destinadas ós fins da Sociedade.
- c. Cantidades resultantes da celebración dos Congresos, reunións, xornadas ou outras actividades que realice a Sociedade.
- d. Rendementos de publicacións que realice a Sociedade.
- e. Calesquer outro que, sen estar previsto nos apartados anteriores, esté permitido pola lexislación vixente.

Artigo 36.º A cuota anual que deberán aboa-los socios poderá ser modificada, previo estudio realizado pola Tesourería, informe favorable da Xunta Directiva e aprobación do Pleno anual. Ó ser aprobados estos estatutos fíxase en 25 € Anuais.

Título VII

Ambito territorial, Patrimonio Social e Orzamento Anual

Artigo 37.º A Sociedade Galega de Xerontología e Xeriatría extenderá a súa acción en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e velará polos intereses e estudiará os problemas das comunidades de anciáns galegos fora do seu ámbito, dentro e fora de España.



Artigo 38.º Na data de aprobación de estos Estatutos fíxase o Patrimonio propio na súa conta corriente en 6.000 euros.

Artigo 39.º O Orzamento anual de ingreso e gastos formularáse de acordo cos principios establecidos polo Plan Xeral Contable e demais disposicións vixentes. O ano económico comenzará o 1 de Xaneiro e pecharáse o 31 de Decembro seguinte. O orzamento anual de ingresos e gastos será elaborado pola Tesourería, deberá ser aceptado pola Xunta Directiva e aprobado pola Asemblea Plenaria anual. Reflectiránse no mesmo as necesidades precisas para realiza-las actividades programadas.

Artigo 40º. Integrarán o réxime documental e contable da Sociedade:

- a. O libro rexistro de socios
- b. O libro de actas
- c. Os libros de contabilidade
- d. O balance de situación e as contas de ingresos e gastos

Título VIII

Modificación de Estatutos e Disolución da Sociedade

Artigo 41º. Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou 25% dos socios. A convocatoria de Asamblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abrindose un prazo de sete días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Éstas complementarán a documentación da citada Asamblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

Artigo 42º. Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 43º. A Sociedade poderá disolverse por:

- a. Imperativo legal
- b. Por decisión das dúas terceiras partes dos membros con derecho a voto da Sociedade.

No caso de que a Asemblea Xeral Extraordinaria acorde a dissolución, nomeará unha Comisión liquidadora que se fará cargo do haber social. Unha vez satisfeitas as obrigas pendentes, o remanente, de habelo, doarásela a unha institución de fins análogos ou similares.



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Título IX

Publicacións

Artigo 44.º A Sociedade publicará un Boletín en soporte papel ou contido web, alomenos dúas veces no ano e as follas informativas que a Xunta Directiva estime convinte.

Será responsable da súa realización dita Xunta que designará a tres membros responsables da súa redacción, actuando de Coordinador e Redactor principal un deles.

O Comité organizador de cada Congreso publicará un libro de resumos das ponencias e comunicacóns, incluindo tamén texto explicativo dos pósters e guións de vídeos presentados se os houbera.

A Sociedade deberá facer publicacións monográficas de interese para os seus socios e para Galicia.

Os abajo asinantes, membros da Xunta Directiva da Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontología, fan constar que o texto precedente escrito en CATORCE plegos que consta de corenta e catro artigos, agrupados en nove títulos, constituen os Estatutos aprobados na Reunión Plenaria celebrada en Vigo o 24 de mayo de 2004, con votación de conformidade de todos os membros asistentes a dita reunión plenaria. Expresamo-la nosa conformidade e ratificamos nosa aceptación ós efectos que conveñan para a tramitación ante a Consellería de Xusticia e Interior da Xunta de Galicia da súa aprobación pola mesma.

O Presidente

D. Miguel Angel Vázquez Vázquez

O Secretario

D. Javier Pérez Martín

O Vicepresidente 1º

D. Andrés Vázquez Piñeiro

O Vicepresidente 2º

D. Raimundo Mateos Alvarez

A Tesoureira

Dona M^a Carmen Durán Santos

Vocal Centros

D. Juan Jiménez Antón

O Vocal Enfermería

D. Antonio Taboada Vázquez

A Vocal Formación e Investigación

Dona Alma López Sande



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VIGORESOS

O. Vocal Psicoterapeuta

O. Vocal Xerocultor

D. José Manuel Ríosde Cachón

O. Vocal Sección Clínica

D. Manuel Mojeru Brezo

D. Manuel Gómez Crego

A. Vocal Sección Social

Dona Rocío Carbon Suero

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA.
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EXISTENTIAIS

ADAPTACIÓN DE ESTATUTOS

Quedan VIGORESOS: Incorporadas 6
Nuevas Comisias de Colaboración
Nº de Registro Asociación: 2005/000000000-1 (SC)
Entregado por la P. de Alhendín, do 20.05.05
A DIRECTOR GENERAL DE INTERIORES
Agencia de Inteligencia General

